

## **ACTA DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASETE DE MARZO.**

Na casa do Concello de Valdoviño ( Salón) reúnese o día dezasete de marzo de dous mil dezasete, a Corporación deste Concello para celebrar a sesión ordinaria de carácter mensual con comenzo ás vinte horas e dez minutos en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os concelleiros e concelleiras: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do PSdeG- PSOE (que se incorpora no punto Fóra da Orde do Día); don Jose Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona Cristina Freire Aneiros do Partido Popular(PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL) e don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V). Non asistiu don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego(BNG).

Actúa como secretaria a titular do Concello , dona Carlota M. González Navarro, asistindo tamén a interventora do concello, dona Gema Leal Insua.

O alcalde , sendo a hora sinalada apertura a sesión para tratar os asuntos contidos na Orde de Día da convocatoria, adaptándose os acordos que pola mesma orde se pasan a sinalar:

### **I. PARTE DISPOSITIVA**

#### **1º APROBACIÓN SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES 17.02.2017-21.02.2017**

O pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobou os borradores citados.

#### **2º RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA –PRESIDENCIA NÚM 82/2017**

O decreto de Alcaldía nº 82/2017 que a continuación se reproduce, quedou ratificado pola Corporación por unanimidade dos asistentes e votación ordinaria:

“En data 07/03/17, remítese pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e aceptase neste mesmo día, notificación relativa ao expediente da súa Ref: 2017000003152 ( POS+OBRASSUM/2017)- PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE DOTACIÓN DE MEJORA EN LOCALES DE USOS MÚLTIPLES EN AVIÑO Y LOIRA- na que se require ao Concello sobre documentación telemática na convocatoria POS+OBRASSUM/2017 detectadas as deficiencias seguintes:

- 1.- No proxecto, a cantidade que figura no estudo de xestión de residuos no caso do local social de Aviño (475,73€) non coincide coa que figura no orzamento (504,27 €).
- 2.- No informe técnico (Anexo V) indícase que este investimento precisa ser supervisado tecnicamente porque afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, polo que é preciso se presente o informe da dita supervisión técnica.
- 3.- No informe técnico xurídico ( Anexo VI) non figure a sinatura da secretaria.

En base do exposto, esta Alcaldía, en uso das facultades que ten conferidas por Lei e atendendo ao requirimento e normas que sinala a Deputación para subsanar as deficiencias ACORDA:

**Primeiro.-** Corrixir o proxecto subsanando a deficiencia enriba descrita co núm. 1; corrección de cuestión técnica que non afecta á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica e subir o proxecto íntegro correxido á plataforma da Deputación.

**Segundo.-** Remitir á plataforma o Anexo VI relativo á obra en cuestión, presentando o informe a supervisión técnica, para subsanar a deficiencia descrita co núm. 2 .

**Terceiro.-** Remitir á plataforma o Anexo VI coas sinaturas do arquitecto municipal e da secretaria municipal, para subsanar a deficiencia descrita co núm 3 .

**Cuarto.-** Dar conta expresa deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que celebre, sen necesidade de remitir acordo de ratificación polo Pleno á Deputación, segundo indican na súa notificación.

Dado na Casa do Concello de Valdoviño , polo Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández en data dez de marzo de dous mil dezasete.”

Antes do control da actividade do Pleno, o grupo de goberno anuncia por vía de urxencia a presentación dunha proposta de aprobación do convenio.

**Votase a ratificación da urxencia, e aprobada ésta por unanimidade, inclúese coma punto FÓRA DA ORDE DO DIA o seguinte:**

**.- APROBACIÓN CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ASINADO ENTRE A MANCOMUNDIACIÓN DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL E O CONCELLO DE FERROL PARA A MELLORA DO SERVIZO DA CASA DE ACOLLIDA DO CONCELLO DE FERROL.-**

“Visto que o Pleno da Mancomunidade en data 23 de xaneiro do ano 2017 adoptou acordo de aprobación do convenio interadministrativo de colaboración entre o concello de Ferrol e a Mancomunidade de concellos de comarca de Ferrol para a mellora do servizo da casa de acollida de Ferrol, tras ser o dito convenio aprobado tamén polo Pleno do Concello de Ferrol en data 29.12.2016 e conforme se require no citado acordo agora os concellos integrantes da mancomunidade deberán aprobar o dito convenio. A estos efectos emitíuse informe pola Interventora do concello en data 14.03.2017 no que da conta da existencia de consignación orzamentaria no proxecto de orzamento elaborado para o exercicio 2017 pendente de aprobación ( logo debe condicionarse a dita aprobación) así como tamén se da conta da necesidade de que o pleno adopte ampliar a porcentaxe de gasto que se establece no artigo 174.3 para gastos de carácter plurianual da natureza do que se propón, aos efectos de que os compromisos de gasto e de exercicios futuros sexan os seguintes;

2017; 2.122,74

2018; 3.205,77

2019; 3.205,77

2020; 3.205,77

No informe da Interventora Municipal tamén se fai constar, en referencia programas/ actividades desenvoltos pola Mancomunidade, nos que o Concello participa porque se adscribiu voluntariamente que non lle consta o acordo que se require dende a Mancomunidade de aprobación do compromiso de dito gasto, e aos efectos de que o gasto sexa recoñecido posteriormente, debe constar o acordo previo adoptado polo órgano competente. En consecuencia debe ratificarse o acordo de adscripción voluntaria aos seguintes programas desenvoltos e a desenvolver pola entidade municipal, condicionando o compromiso de gasto a entrada en vigor do orzamento do concello para o exercicio 2017:

-Programa integrado de emprego, ampliación do refuxo de animais de Mougá, programa de promoción turística, oficina local de fomento cooperativo, programa de colaboración con ASEFEDRO e continuar cos servizos que se están a desenvolver de xeito mancomunado (xestión de residuos voluminosos e refuxo de animais de Mougá)

Visto o informe tamén emitido pola Secretaria Municipal en data 17 de marzo sobre a adecuación a legalidade do convenio, no que remite tamén o informe favorable elaborado polo Secretario do Concello de Ferrol e Secretario da Mancomunidade, visto o establecido nos Estatutos da Mancomunidade e visto o que se establece na Lei das Bases de Réxime Local,

## PROPOÑO

- Aprobar o convenio interadministrativo asinado entre a Mancomunidade de Concellos da comarca de Ferrol e o Concello de Ferrol para a mellora do servizo da casa de acollida do Concello de Ferrol.
- Ratificar a adscripción aos programas e actividades desenvoltos pola Mancomunidade, nos supostos que non consta acordo adoptado anteriormente e que se indican na parte expositiva da proposta.
- Condicionar o compromiso de gasto que derivan dos anteriores acordos a efectiva aprobación do orzamento do exercicio 2017.
- Acordar que a Xunta de Goberno Local, acorde a adscripción a programas anuais que se desenvolvan pola Mancomunidade, sempre e cando se deriven de actuacións subvencionadas por outras Administracións e a súa duración non exceda dun ano.

En Valdoviño a 14 de marzo de 2017  
O alcalde”

**Vista a anterior proposta de Alcaldía, o Pleno acordou a súa aprobación en votación ordinaria e por unanimidade .**

## II. CONTROL DA ACTIVIDADE DO PLENO

### **3º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDÍA**

En virtude do artigo 42 do R.O.F.X.E.L. dáse conta ao Pleno dos decretos emitidos dende o 10.02.2017 ao 09.03.2017, que comprende os decretos entre os nºs 37/2017 e 80/2017.

**O Pleno tomou coñecemento.**

#### **4º . DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS**

Dáse conta ao Pleno da resolución de aprobación do Plan Presupostario a medio prazo 2018-2020, aos efectos de comunicar datos a través da oficina virtual das Entidades Locais antes de 15.03.2017 (núm. 87/2017) de 14/03.17 e de documentación anexa que consta no expediente da acta desta sesión e estivo a disposición dos grupos municipais para a súa consulta.

**O Pleno dáse por enterado.**

#### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Alcalde – Existe un problema coa pataca, coa imposibilidade da súa sembra. É un problema que se puido evitar e controlar a praga.

Sra. Sabín Fernández – Debiu prohibirse aos provedores vender ós almacéns.

Sr. Alcalde.- A Xunta non informou correctamente; a pataca non se pode plantar. É unha barbaridade que os veciños teñan que retirar a pataca porque non se lle lles avisou a tempo. Pídvos que lle digades á xente que non sembre. A Xunta di que vai mandar unha documentación á xente e que vai multar se plantan. Solicitoulle á Xunta que se controle o prazo da pataca pero non o vai facer.

Sr. Bacorelle – Preguntei pola factura da basura dun veciño, fai varios plenos.

Sr. Alcalde- Estamos con iso.

Sr Bacorelle- En qué consiste o proxecto do campo de fútbol de Mourente?

Sr. Alcalde- En poñer herba artificial porque non permiten novas construcións.

Sr Beceiro- Non se celebraron comisións.

Sr Alcalde- Non, porque a Secretaria me di que se non hai asuntos a aprobar non ten senso convocalas.

Sr Beceiro- Na estrada de San Miguel hai unha caída.

Sr . Alcalde – O comunicaremos á Deputación.

Sr Beceiro- Reitero e vou reiterar en todos os plenos o problema que hai coa concentración parcelaria.

Sr. Alcalde- A Xunta di que non van a facer accesos ás fincas.

Sr. Vega- En San Miguel non se fixeron.

Sr. Rodríguez Fernández. Ten que facelos a Xunta, e entregar as parcelas cos accesos.

Sr Beceiro- Hai que facer reformas en algún cruce e vías públicas de bastante tránsito e deixalo listo agora.

-Estanse facendo obras no local do PAI?

Sr. Alcalde- Sí, porque entraba a auga.

Sr Beceiro- Hai data de apertura?

Sr Alcalde- Aprobáronse as bases para a licitación e esperamos que se publique anuncio da licitación no B.O.P.

Sr. Beceiro- E a contratación do socorrismo?

Sr. Alcalde- O vindeiro xoves levaremos esto á Xunta do Goberno. Quitaremos pouco a pouco cousas, non damos feito.

Sr Beceiro- Hai que acondicionar as zonas de praias porque se acerca o verán.

Sr Alcalde- Xa o estamos facendo e estamos pedindo axuda á Deputación .

Sr Vigo Lago- Hai verquidos incontrolables?

Sr Alcalde- Hai varios, desgraciadamente.

Sr. García Alonso- Hai que poñer cámaras.

Sr. Alcalde- Xa o miramos e hai zonas nas que non se pode.

Sr. Vigo Lago- Hai cambios na recollida do lixo?

Sr Alcalde- Non. Pediuse que a empresa cumpra o contrato; tamén están varrendo e limpando os contenedores.

Sr Rodríguez- Sancionouse a algún traballador de FCC?

Sr. Alcalde- É un problema de FCC cos traballadores.

Sr Vigo- Que incidencias hai en Longoiro?

Sr Alcalde – Hai goteiras e comunicóuselle á empresa que o amañara.

Sr Vigo- Estamos no ecuador da lexislatura e falta resolver o do cámping, os contratos de mantemento, o planeamento, os nomes das rúas... Falta moito por facer.

Sr Alcalde- Sí, pero temos que priorizar.

Sen outro asunto a tratar, a sesión queda levantada ás vinte e unha horas e dez minutos pola Presidencia. Do que como Secretaria, redato acta e CERTIFICO.

A Secretaria

O Alcalde

Asdo. Carlota González Navarro

Asdo. Alberto González Fernández